



RESUMO DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

O centro Santa Juana de Lestonnac é un colexio concertado situado nun barrio periférico de Ferrol, Caranza. Nel , impártense os niveis educativos de Educación Infantil , Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Somos conscientes da función da escola como medio de implantación de hábitos lingüísticos que promovan o plurilingüismo entre o noso alumnado. Para isto, de inicio cómpre coñecer a realidade lingüística do noso centro para poder determinar os obxectivos, liñas de acción e actividades deste proxecto, que van determinar o noso labor educativo.

Lingua galega

Neste proxecto faise constar as liñas de actuación e os obxectivos xerais deseñados polo centro para o fomento da lingua galega, polo que é evidente a súa importancia como apoio das iniciativas do EDLG e, polo tanto, como instrumento normalizador.

Sen esquecer o noso contorno sociolingüístico, claramente castelanizador, a actividade do EDLG céntrase nas seguintes liñas de actuación:

- Planificación de actividades que fomenten o uso oral da nosa lingua.
- Busca de maior participación por parte do alumnado, das familias e da ANPA naquelas actividades relacionadas co uso escrito da lingua e que son xa habituais.
- Achegamento a tradicións populares doutras culturas a través das propias.
- Procura dun maior uso da nosa lingua nas Tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coidado e asesoramento do alumnado galegofalante ou neofalante de galego.
- Implicación en actividades nas que colaboren outros centros, outras institucións, entidades ou asociacións.

En base a isto, fixéronse os obxectivos que a continuación se formulan:

- Aumentar e afianzar a presenza da lingua galega na práctica docente e nas relacións habituais que o profesorado mantén cos diferentes membros da comunidade educativa, así como nas relacións que o persoal non docente mantén co alumnado e coas familias.
- Lograr a colaboración da ANPA para retomar o uso do galego como lingua habitual nos seus comunicados dirixidos ás familias, continuando así o labor de asesoramento iniciado en cursos anteriores.
- Informar e iniciar ao profesorado e ao alumnado no uso das ferramentas informáticas que contribúan a unha maior presenza e un mellor uso do idioma no eido das novas tecnoloxías.
- Incrementar a presenza da oral nosa lingua nas actividades comúns, ou públicas, do noso centro, que contan cunha maior participación, e nas actividades extraescolares, de xeito que actúen como axente normalizador do contorno do centro.
- Seguir a darlle pulo a todas aquelas actividades de fomento da lingua escrita, que xa constitúen unha tradición no noso centro, animando ao alumnado a presentar propostas novidasas que supoñan unha maior implicación por parte deste.
- Coidar e asesorar ao alumnado galegofalante, ou neofalante de galego, coa fin de que sirva de axente normalizador da nosa lingua e animar ao alumnado procedente da inmigración ou de colectivos sociais cun menor coñecemento da lingua galega para que a súa inmersión lingüística se realice sen dificultade.
- Incidir na comunidade educativa, mediante argumentos probados, para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización de todos os membros deste colectivo.
- Aumentar o nivel de utilización das novas tecnoloxías.
- Programar actividades nas que colaboren outras institucións, entidades ou asociacións.
- Programar actividades de dinamización nas que participen outros centros.

Actividades propostas para o curso 2017 -2018

Durante os meses de **outubro** e **novembro**, colaboraremos nas actividades relacionadas co Samaín e o Magosto:

Exposición de cabazas (Infantil e Primaria) e elección da máis orixinal e creativa como recoñecemento do labor do alumnado e as súas familias. Así mesmo, seguiremos a facilitar *material sobre o Samaín* para as titorías.

Semana da Ciencia en Galego. Desta volta, o equipo de Dinamización propondrá ao profesorado do centro que imparte as áreas de ciencias, que utilicen como lingua vehicular o galego ao longo de diferentes xornadas do mes de novembro (concretamente o 30 e 31

de outubro; 2, 3 de novembro). Esta proposta ten un obxectivo claramente normalizador, tentando desbotar un de tantos prexuízos que favorecen o uso do castelán en detrimento do galego: *O galego non serve para a ciencia nin para a tecnoloxía do mundo moderno.*

Este ano o **Concurso de Contos Ilustrados** (5º Edición) estará dedicado a Carlos Casares. A entrega de premios correrá a cargo do **Apalpador** no Festival de Nadal.

Durante o mes de **decembro** e con motivo da *Semana da Constitución e o Estatuto*, desenvolveremos as seguintes actividades:

Na materia de Lingua Galega, na etapa de secundaria, volveremos traballar cos artigos da CE e do Estatuto de Galicia referentes ás linguas, de cara á elaboración dun **lema a prol do galego**. Colaboraremos, coma sempre, coa materia de Plástica para a elaboración de carteis.

Neste mesmo mes de decembro e con motivo da festividade de Nadal elaboraremos unha **Carta aos Reis Magos** que distribuiremos en E.Infantil e 1ºCiclo de Primaria.

O **Galecoriño** continuará a interpretar panxoliñas tradicionais en diferentes entidades (Centro de Maiores, CAMF...) Esta vez, pretendemos que tanto os máis novos coma os maiores asocien a lingua con valores afectivos e con recordos positivos.

Ademais, temos pensado actualizar un pouco o noso repertorio facendo adaptacións ao galego das cancións con maior éxito musical do momento. Así, baixo o nome de **"Vai de versions"** amenizaremos as diferentes celebracións do curso escolar.

E como xa se dixo máis arriba, **O apalpador** volverá achegarse ao noso colexio para entregar os premios aos gañadores do Concurso de poemas ilustrados e interpretarnos algunhas cantigas.

No mes de **febreiro** con motivo da festividade da *Candeloria*, convocaremos un novo **Certame de cartas de amor, a 17ª edición**, dirixido a alumnos de educación infantil, primaria, secundaria e adultos (profesorado, persoal non docente e familias). A entrega de premios terá lugar o día de *Portas Abertas*, cuxa data está aínda por decidir.

Propoñémonos participar no **Correlingua 2018**, concretamente no **Concurso de elaboración dun manifesto** que realizarán os alumnos pertencentes ao Equipo de Dinamización (4º de ESO).

Ademais colaboraremos coas actividades programadas nos diferentes niveis para festexar o Entroido. Volveremos traer o **Meco** para goce de pequenos e maiores.

No mes de **marzo**, aproveitaremos a visita á cidade de Pontevedra, que realizará o alumnado de ESO, para levar a cabo un **roteiro literario**.

No mes de **abril**, pretendemos colaborar co obxectivo xeral do centro Lestonnac en clave de Paz, organizando un concurso de bandas sonoras dirixido á etapa de secundaria. A banda sonora gañadora será a utilizada no Festival das letras galegas.

Durante o mes de **maio** convocaremos o **XXI Certame Literario** con motivo da celebración do **Día das Letras Galegas**. A entrega de premios terá lugar, coma sempre, durante o *Festival* que organizamos todos os anos para conmemorar o 17 de maio. Queremos por de relevo a colaboración da ANPA nas actividades relacionadas con este festival, coa festividade dos maíos, ou mesmo, cos diferentes certames literarios que convocamos ao longo do ano, que non cesou nestes últimos anos.

Se este ano se nos convoca, valoraremos a posibilidade de volver participar na **Festa dos Maíos con outros colexios de Ferrolterra**, co obxecto de agasallar á primavera.

Seguiremos a encargarnos da publicación anual de **Portas a Dentro**, que publicará en **xuño** o número XXVIII.

Consideramos de gran importancia o feito de que a única publicación que se fai no centro sexa precisamente a revista que elabora o EDLG, feita en galego.

As publicacións tentan servir tanto para estimular a creatividade en galego do alumnado como para fomentar a súa fantasía.

Outras actividades

A cortiza da lingua

Colocada nun lugar visible para todos os integrantes do centro, a **Cortiza da lingua** portará pequenas recensións sobre obras literarias, películas, discos, noticias relacionadas coa lingua, enderezos de páxinas de diferentes temáticas que se encontran na nosa lingua...

A mocidade tamén conta

O alumnado de 1ºESO “irá co conto” a diferentes corredores de infantil. Afillarán os nenos de 4 e 5 anos e escenificarán, en diferentes momentos do curso, a lectura de contos previamente seleccionados de acordo con valores como a tolerancia, a igualdade, a amizade... Buscamos, deste xeito, que o noso alumnado se familiarice coa riquísima literatura de tradición oral.

En fin, seguiremos a ter na rede o **blog do Equipo de Dinamización (Xavedes)** pois, é evidente a súa importancia como canle de difusión das nosas iniciativas e, polo tanto, como instrumento normalizador máis aló do noso centro. Levamos 7 cursos co noso blog, co obxectivo de dar a coñecer as actividades do Equipo, pór a disposición de toda a comunidade escolar unha selección de recursos en galego e dar conta de iniciativas normalizadoras propias e alleas.

Ademais das actividades descritas, o EDLG estará presente naquelas outras actividades realizadas no centro que supoñan a posibilidade de acadar algún dos obxectivos descritos.

Primeira lingua estranxeira

O coñecemento e uso da Lingua Inglesa faise imprescindible na actualidade, polo que dende o noso colexio, como centro Plurilingüe, esforzámonos en proporcionar ao alumnado momentos e espazos nos que poñerse en contacto con esa lingua. Ademais da materia de Inglés, impartiranse nesta lingua a Plástica en Educación Primaria e Oratoria en ESO. Así mesmo, en 4º de Primaria engadimos unha hora máis de Inglés Oral.

No curso 2017-2018 propoñeremos diferentes actividades para acadar os seguintes obxectivos xerais:

1. Facer que os alumnos tomen conciencia das diferencias culturais respecto ós países de fala inglesa en canto ó estilo de vida e á forma de celebrar as festividades.
2. Proporcionar actividades reais das diferentes festividades para entrar en contacto coas manifestacións culturais e o novo vocabulario.
3. Esperamos seguir contando coa presenza na aula dunha auxiliar de conversa dende 1º de primaria ata 1º de secundaria. En 4º de primaria (inglés oral) e 1º da ESO (oratoria) asignaturas de libre configuración impartiránse en lingua inglesa.

A continuación, expoñemos os obxectivos específicos para cada unha das actividades propostas:

- Coñecer vocabulario básico da festividade.
- Dar a coñecer o ambiente propio da época.
- Identificar e empregar o vocabulario relacionado co tema traballado.
- Fomentar a creatividade artística.
- Desenrolar unha actitude positiva cara as diferentes culturas.

ACTIVIDADES

Halloween

Conmemoraremos esta festividade realizando as seguintes actividades:

Día 16, decoración da cortiza das escaleiras co debuxo dunha “calavera Catrina”.

Na semana do 23 ambientación do colexio con decoración típica de Halloween.

Día 30, ambientación do “Corredor do terror”.

Día 31, recibimento dos rapaces, na entrada do colexio, por parte do alumnado de 4º da ESO. Ao longo da mañá, dende cinco anos até sexto de primaria, acudirán ao corredor do terror onde os alumnos de 4º da ESO poderán actuar como figurantes e dar sustos. Os rapaces de 4º da ESO tamén representarán unha canción da temática da festa polas aulas de ditos cursos.

Haberá diversas actividades de manualidades por curso para facer ao longo da semana , aínda sen determinar.

Nadal

Propónse realizar para o festival do colexio un vídeo “Carpool Karaoke” en inglés por parte do profesorado e persoal do centro educativo.

Para infantil propónse unha manualidade coa que se decorará a parte principal do colexio.

Para primaria propónse xogos nos recreos da semana do 18 de decembro.

O alumnado da ESO realizará a dinámica do amigo invisible.

Pascua

Durante a semana do 19 ao 23 de marzo, o alumnado de Infantil e Primaria realizará unha manualidade sinxela e xogos nas aulas.

Na ESO xogos típicos como o “Egg rolling”

Día de Europa

Comemoraremos esta festividade o 9 de maio, elaborando un xogo musical sobre Europa xa que este curso escolar somos “Lestonnac en clave de paz”.

Ademais

Lestonn, a nosa mascota, segue presente no noso Centro e continuará dando informacións diversas na lingua inglesa en diferentes puntos do colexio.

Ao longo do curso realizaranse actividades lúdicas na etapa de Infantil por parte do profesorado de S.B: contacontos, representacións, etc.

Distribución das materias de lingua galega e lingua castelá en Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria

Coa finalidade de garantir que as materias en galego e en castelán teñan un número similar de horas semanais, realizouse a seguinte distribución horaria:

EDUCACIÓN PRIMARIA

	Lingua galega	Lingua castelá
1º Curso	Lingua Galega e Literatura	Lingua Castelá e literatura
2º Curso	Ciencias Sociais	Matemáticas
3º Curso	Ciencias da Natureza	Educación Física
4º Curso	Educación Artística (Música)	
5º Curso	Relixión/Valores sociais e cívicos	
6º Curso		

EDUCACIÓN SECUNDARIA

	Lingua galega	Lingua castelá
1º Curso	Lingua Galega e Literatura Xeografía e Historia Educación Física Biloxía e Xeoloxía	Lingua Castelá e Literatura Matemáticas Relixión Plástica Titoría
2º Curso	Lingua Galega e Literatura Xeografía e Historia Educación Física Titoría Música Promoción de Estilos de Vida Saudable Relixión	Lingua Castelá e Literatura Matemáticas Física e Química Tecnoloxía
3º Curso	Lingua Galega Biloxía e Xeoloxía Xeografía e Historia Educación física Música Titoría	Lingua Castelá e Literatura Matemáticas Física e Química Plástica Relixión Tecnoloxía Cultura Clásica
4º Curso (Académica)	Lingua galega e Literatura Xeografía e Historia Educación física Titoría Biloxía e Xeoloxía Economía Música	Lingua Castelá e Literatura Matemáticas Relixión Física e Química Latín Plástica
4º Curso (Aplicada)	Lingua Galega e Literatura Xeografía e Historia Educación Física Titoría Música Iniciativa á Actividade emprendedora	Lingua Castelá e Literatura Matemáticas Relixión Tecnoloxía Plástica Ciencias aplicadas